

SEMANA SANTA 2026

nos PIRENEOS

TRES DÍAS DE RUTA, TRES EXPERIENCIAS DIFERENTES

Esta Semana Santa propoñémosvos unha escapada ao Pireneo que combina tres días de natureza en estado puro, cada un cun sabor diferente, para que a experiencia sexa completa e inesquecible.

♦ 01 abril – Sobre as 21:30 h iniciamos saía en autobús

♦ 02 abril - Pasarelas de Montfalcó e Congost de Mont-rebei

Comezaremos cunha das rutas máis espectaculares da península: as pasarelas de Montfalcó e o impresionante desfiladeiro do Congost de Mont-rebei. Tramos escavados na rocha, tramos aéreos, paredes verticais e unha paisaxe que impressiona.

O inicio perfecto para abrir boca e poñer emoción na mochila.




♦ 03 de abril – Estany Llong e Val de Sant Nicolau

Adentrarémonos no corazón do Parque Nacional de Aigüestortes: Estany Llong - Visita ao Vall de Sant Nicolau corazón do Parque Nacional.

Unha ruta de alta montaña que segundo a neve, faremos con raquetas ou sen elas. Fácil para unha iniciación ás raquetas.

Un día de contacto directo coa montaña en estado puro, onde o silencio e a amplitude do val son parte da aventura.



◇ 04 de abril – Ruta a definir segundo condicións

A idea inicial é realizar unha ruta cara ao refuxio de Refugio Ventosa i Calvell, unha ruta moi atractiva en plena alta montaña. Non obstante, ao tratarse de datas temperás e dunha zona onde adoita haber neve, a elección definitiva dependerá das condicións do terreo.

No caso de que a neve faga desaconsellable esa opción, optaremos por unha alternativa igualmente interesante.



♦ 05 abril – Regreso a Santiago de Compostela

ALOXAMENTO:

Hotel PEY no Val de BOÍ en MP (almorzos e ceas)

Próximamente publicaremos máis detalles sobre itinerarios e o prezo.

Mentres tanto, as persoas interesadas **xa podeades facer as reservas**, xa que necesitamos confirmar canto antes o número de participantes.

Non deixes pasar esta oportunidade de vivir a montaña de xeito completo: emoción nas alturas, camiños nevados e sendeirismo en paisaxes que nunca esquecerás

club vía láctea

Prepara as botas, colle a mochila e acompáñanos
nesta aventura! ❄️